



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

<u>Obxecto do contrato</u> ADQUISICIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE ELEMENTOS PARA REFRIXERADO NA PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN		<u>Número de contrato:</u> CT 52/2024 - e
<u>Procedemento de contratación:</u> Aberto Aberto Simplificado X Restrxinado Con negociación	<u>Forma de tramitación do expediente</u> Ordinaria X Urxente Emerxencia	<u>Tramitación do gasto</u> Ordinaria X Anticipada
<u>Valor estimado do contrato:</u> 26.690,00 €	<u>Órgano proponente:</u> Concellería de Promoción Económica	<u>Criterios de adjudicación:</u> Prezo Pluralidade de criterios X

Con data 6 de xuño de 2024, o Alcalde de Vilagarcía de Arousa ditou Resolución aos efectos de desistir do procedemento de licitación denominado “Subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán”, tras detectarse erro na memoria técnica valorada que contiña as prescricións técnicas que rexen o contrato, a cal non recollía un dos equipamentos precisos para dotar á recentemente reformada Praza de Abastos de Vilaxoán da maquinaria frigorífica necesaria para a súa adaptación á normativa sanitaria (unha vitrina para frotaría), facéndose necesaria a súa rectificación para incluír o equipamento necesario, o que supón unha variación no importe de licitación.

Tendo en conta que persiste a necesidade do procedemento desistido, que fóra xustificada mediante a memoria asinada polo Concelleiro de Promoción Económico o 9 de maio de 2024; o enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, procedeu a redactar unha nova memoria técnica valorada, asinada con data 10 de xuño de 2024. Esta memoria valorada, que conta cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 32.294,90€, inclúe as prescricións técnicas que deben cumprir os elementos do equipamento a subministrar e instalar, obxecto do contrato de referencia, corrixindo o erro detectado, é dicir, incluíndo a vitrina para froitería, necesaria para a adaptación da Praza de Abastos de Vilaxoán á normativa sanitaria.





Con data 12 de xuño de 2024, o concelleiro de Promoción Económica xustificou a necesidade do contrato de adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrixerado na Praza de Abastos de Vilaxoán, dado que este espazo acaba de ser obxecto de obras de reforma, recentemente rematadas, coas que se conseguiu a redistribución dos postos de venda e unha mellora da estética deste mercado, o cal necesita ser dotado da maquinaria frigorífica necesaria para a adaptación á normativa sanitaria.

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP e normas concordantes. Así mesmo, o primeiro dos preceptos mencionados determina que se incorporarán ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que han de rexer o contrato e, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente lle substitúa, e a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto, no seu caso, nos termos previstos nas leis.

O importe total da actuación ascende a 32.294,90€ (IVA incluído), que será financiada ao 100% polo concello de Vilagarcía de Arousa con cargo a fondos propios.

O contrato ten por obxecto a adquisición e instalación dun subministro de acordo co disposto no art. 16 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, sendo o seu valor estimado de 26.690,00 €.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior ao límite de 143.000 € establecido no artigo 21.1.a).

Estableceranse nos pregos unha pluralidade de criterios de adxudicación co obxecto de conseguir a mellor oferta calidade prezo, que permita, finalmente, obter un subministro de calidade e unha resposta adecuada as necesidades que se plantexan.

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación de subministro relativo a “Adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrixerado na Praza de Abastos de Vilaxoán” e que o





mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

O alcalde

Alberto Varela Paz
(sinatura electrónica)

